



## **INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS “REFUXIO DE MOUGÁ”**

A *Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia* atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal, e establece a obriga de recoller os animais domésticos vagabundos e extraviados en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos, obriga que dende o 2013 é atendida nas instalacións cedidas á Mancomunidade polo concello de Ferrol mediante un servizo mancomunado a través dun convenio co MAGRAMA.

O artigo 15.4 da citada lei establece:

"Non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido desde a súa entrada."

Polo tanto, xorde a necesidade de aumentar as instalacións do Refuxio para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas para os animais, o que conleva a necesidade de celebrar este procedemento de contratación.

A Mancomunidade **non dispón de medios persoais nin materiais** adecuados para facer fronte aos traballos obxecto do contrato polo que se fai precisa a súa contratación externa.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

O Xerente da Mancomunidade,

Asdo.: Luis Alcalá Baillie